

---

# Medievalismo en Extremadura

Estudios sobre Literatura y Cultura Hispánicas  
de la Edad Media

---

Jesús Cañas Murillo  
Fco. Javier Grande Quejigo  
José Roso Díaz (Eds.)

Medievalismo en Extremadura  
Estudios sobre Literatura y Cultura Hispánicas  
de la Edad Media



Cáceres  
2009

MEDIEVALISMO en Extremadura : Estudios sobre Literatura y Cultura Hispánicas de la Edad Media / Jesús Cañas Murillo, Fco. Javier Grande Quejigo, José Roso Díaz (Eds.). — Cáceres : Universidad de Extremadura, Servicio de Publicaciones, 2009

XXII, 1310 pp. ; 17 × 24 cm.

ISBN 978-84-7723-879-9

1. Literatura medieval-historia y crítica. I. Cañas Murillo, Jesús (Ed.). II. Grande Quejigo, Javier (Ed.). III. Roso Díaz, José (Ed.). IV. Título. V. Universidad de Extremadura, Servicio de Publicaciones, ed.

82.09"04/15"

Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra sólo puede ser realizada con la autorización de sus titulares, salvo excepción prevista por la ley. Diríjase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) si necesita fotocopiar o escanear algún fragmento de esta obra.



© Jesús Cañas Murillo, Fco. Javier Grande Quejigo y José Roso Díaz, de la edición, 2009

© De los autores, 2009

© Universidad de Extremadura-Grupo "Barrantes Moñino", para esta 1.<sup>a</sup> edición, 2009

Ilustraciones de cubierta: miniaturas de cancioneros del siglo XIII (Biblioteca Vaticana y Biblioteca Nacional de Francia) recogidas en el libro de Martín de Riquer, *Vidas y retratos de trovadores. Textos y miniaturas del siglo XIII*. Barcelona, Círculo de Lectores-Galaxia Gutenberg, 1995.

Edita:

Universidad de Extremadura. Servicio de Publicaciones

Plaza de Caldereros, 2. 10071 Cáceres (España)

Tel. (927) 257 041; Fax (927) 257 046

E-mail: [publicac@unex.es](mailto:publicac@unex.es)

<http://www.unex.es/publicaciones>

I.S.B.N.: 978-84-7723-879-9

Depósito Legal: M-52.674-2009

Impreso en España - *Printed in Spain*

*Impresión:* Dosgraphic, s. l.

## MEDDB2: BASE DE DATOS DA LÍRICA PROFANA GALEGO-PORTUGUESA

Isabel Vega Vázquez y Antonio Augusto Domínguez Carregal  
*Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades*

A *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa (MedDB2)* é unha base de datos que contén o corpus completo das cantigas medievais dos trovadores galego-portugueses, na que se ofrece o texto de cada unha delas acompañado de información detallada tanto das composicións e da súa transmisión textual moderna, como dos aspectos histórico-biográficos dos trovadores.

*MedDB2* ten a súa orixe na publicación da *Lírica Profana Galego-Portuguesa (LPGP)* polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades no ano 1996. En dous volumes, ofrecíase a totalidade da nosa produción trobadoresca medieval, acompañada de información biográfica e bibliográfica, así como da análise retórica de cada cantiga. O traballo enmarcábase dentro do (sub)proxecto *Lírica galego-portuguesa*, dirixido por Mercedes Brea e integrado no proxecto *Arquivo Galicia Medieval*<sup>1</sup>.

*MedDB2* é un recurso electrónico destinado tanto aos especialistas da lírica medieval como aos estudantes ou afeccionados. A súa finalidade principal consiste en pór a disposición do usuario unha información completa e estruturada que avale a efectividade das buscas. Esta segunda versión actualiza e mellora a primeira (dispoñible dende o ano 1998), permitindo a realización de buscas non só por cantiga e trovador, senón incluso por estrofas e por verso. Ademais, ofrece a organización dos resultados das buscas nestes catro niveis.

Outra das novidades é a inclusión, inédita até agora, dun completo *corpus* das imaxes, en alta resolución e calidade, de todos os manuscritos orixinais conservados, que posibilita un coñecemento moito máis profundo e certo dos textos consultados, non só no ámbito da investigación, senón tamén no divulgativo<sup>2</sup>.

---

<sup>1</sup> Unha das diferenzas máis notábeis da *MedDB* con respecto a *LGPG* radica en que non contén información bibliográfica nin dos trovadores nin das cantigas. Esta información é ofrecida pola *Bibliografía de Referencia da Lírica Medieval Galego-Portuguesa (BiRMED)*, á que se pode acceder dende a páxina do CRPIH ([www.cirp.es](http://www.cirp.es)).

<sup>2</sup> Este traballo xurdiu da colaboración do Equipo Informático (integrado por Fernando Magán Muñoz e J. Carlos Sánchez Rivas) e dos bolsellos da Sección Medieval do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Carlos Cordeiro Moledo, Antonio Augusto Domínguez Carregal, Antonio Fernández Guadanes, Déborah González Martínez, Marta López Macías, Fernando Magán Abelleira, Marina Meléndez Cabo, Alexandre Gaíferos Parrado Freire, Gerardo Pérez Barcala, Ignacio Rodiño Caramés, María del Carmen Rodríguez Castaño, Xosé Xavier Ron Fernández, M<sup>a</sup> Carmen Vázquez Pacho e Isabel Vega Vázquez), todos eles coordinados pola Prof. Mercedes Brea.

Cando accedemos á *MedDB2*, a páxina de inicio é como a que vemos aquí. Como pode observarse, atopámonos con varias pestanas. Á esquerda, todo o relativo á información técnica, o manual de uso e a documentación da base de datos. Á dereita arriba temos catro pestanas (ademais da do inicio), unha por cada unha das catro posibles vías de busca (por cantigas, por estrofas, por versos e por trobadores), que, combinadas de moi distintas formas, darán como resultado unha información clara, ordenada e exhaustiva.

## 1. BUSCA POR TROBADORES

Unha das posibilidades de busca ofrecidas pola *MedDB2* é a relativa asos trobadores do corpus poético galego-portugués. Neste caso, cando facemos a busca por trobadores atopámonos en inicio con unha pantalla na que se conteñen os seguintes campos: o número de trobador segundo Tavani, o seu nome, e dous campos interrelacionados cos que é posible restrinxir a busca de autores tendo en conta o período de inicio e de fin da súa a actividade literaria.

Poderemos facer buscas a través dun só destes criterios ou combinando máis de un. Para afinar e acoutar aínda máis o campo de busca contamos cun apartado de filtros (este que vemos aquí abaixo). Para cada un dos catro tipos de busca, os filtros ofrecerán distintos elementos de restrición.

No apartado dos filtros relativos a esta vía de busca atoparemos a posibilidade de introducir o nome abreviado dos autores, así como a súa orixe (portuguesa, galega, aragonesa...) e a súa condición social (cabaleiro, nobre, burgués...).

Neste caso, por exemplo, faremos unha busca introducindo un só campo de busca, o correspondente ao número de trobador. Poñemos o número 25, correspondente ao rei don Denis de Portugal, e a base devolveranos un recadro no que se indica dito número, o seu nome abreviado (*den*), o seu nome completo, a súa orixe, a fiabilidade desta orixe, a condición social, e o período expresado en anos desde que comeza a súa actividade literaria ata que remata. Por último, o período histórico-literario no que o trobador se enmarca.

Premendo sobre o icono «Ver» aparece ante nós unha pantalla de información relativa ao trobador seleccionado. Á esquerda da pantalla, todos os datos que se amosaban anteriormente e á dereita, unha completa biografía na que se dá conta do parentesco do autor, do seu período vital así como os datos coñecidos acerca da súa produción literaria e os aspectos máis salientables da mesma.

Outra posibilidade de busca simple é a que se pode facer por medio dos campos de actividade, acotando unha data de inicio e unha de remate. No noso caso, introduciremos o ano de 1200 para o primeiro campo e o de 1300 para o final. Ademais especificaremos que a orixe dos trobadores buscados deberá ser, por exemplo, «portuguesa». Por medio desta busca combinada obteremos unha listaxe dos trobadores que cumpren ditos requisitos, ordenada segundo a numeración de Tavani. Neste caso, como xa vimos, se ofrece de entrada a información relativa ao nome completo do autor, a súa orixe, o grado de fiabilidade da información ofrecida (coñecida, dubi-

dosa, probable), a condición social de cada un, os anos de inicio e de remate da súa actividade literaria e o período ao que cada un pertence.

## 2. BUSCA POR CANTIGAS

Cando desexemos realizar unha consulta por cantigas, premeremos sobre a pestana correspondente, situado en segundo lugar. Agora temos ante nós un panel onde se posibilita a introducción de diversos datos. Por orde de aparición, o número da peza segundo a orde establecida por Tavani, o número que a cantiga ocupa no manuscrito transmisor, a súa categoría xenérica (A: Amor; M: Amigo; E: Escarnio), o seu íncipit, ou algunha das palabras contidas no poema en cuestión.

Comecemos por encher o primeiro campo do que falabamos, e poremos por exemplo, o número 25 2. Só con este dato, e premendo sobre o botón de comezo de busca, a base devólvenos como resultado o seguinte recadro. En primeiro lugar, o icono que nos dará paso a visualización do texto e a información complementaria. En segundo lugar, o número de identificación da cantiga, o identificador da LPGP, o seu íncipit, o seu número de estrofas, a información sobre se a cantiga está escrita en máis dunha lingua (neste caso, non), se é unha cantiga de seguir ou non, o tipo de composición (de refrán ou intercalar), o xénero ao que pertence (neste caso, de amigo e dialogada), o editor e o lugar que ocupa na edición pola que se cita.

Pasemos agora á visualización da cantiga. Obtemos o texto completo, a información antes indicada, a súa autoría, a información relativa aos manuscritos que a transmitiron (folio que ocupa neles, se ten música ou non, se ten espazo para a notación musical e a imaxe dixital); debaixo, a información sobre a FRI, os temas que nela se tratan (neste caso a separación dos namorados), e a información sobre as edicións anteriores que a inclúen, con datos acerca do tipo de edición e o número ou páxina que lle corresponde en cada caso.

Podemos facer unha busca por palabra e ver cuántos resultados saen. Neste caso elixiremos «brial». A base de datos devolve sete resultados, sete cantigas nas que se emprega este termo. Premendo sobre o icono «Ver» de cada unha delas, poderemos visualizar, ademais da información xa indicada, o lugar que en cada texto ocupa a palabra seleccionada.

## 3. BUSCA POR ESTROFAS

Facendo a busca por estrofas atopámonos cunha pantalla semellante á anterior, pero que introduce outros criterios de busca. Neste caso, ademais do número de cantiga segundo Tavani e o número no manuscrito, poderemos facer unha busca segundo o número de estrofas que nos interese, o total de versos da composición, o seu esquema rítmico e métrico, o número de esquema segundo o *Repertorio métrico* de Tavani, a forma de relación interestrófica (FRI), a súa categoría xenérica e o tipo de estrofa concreto.

Faremos unha busca, por exemplo, completando os campos de número de cantiga (25 2) e de número de estrofa dentro da composición; neste caso queremos a

segunda (2). Dámoslle a «Buscar» e a base de datos devolve o mesmo resultado de antes, pero neste caso ofrecendo unha información distinta. Agora se nos indicará, ademais do xa visto, o tipo de combinación de versos (estrofa, fiinda, refrán inicial...), o número total de versos que ten esta estrofa, o número de esquema, a secuencia do seu esquema rítmico (aaB) e a do seu esquema métrico (10'10'5). Prememos unha vez máis sobre o icono de «ver» e atoparemos, ademais do texto completo da cantiga, a información relativa á cantiga, ao tipo de estrofa que lle corresponde, á autoría, manuscritos e edicións anteriores.

Se queremos facer a busca, por exemplo, a través dun esquema rítmico concreto, encheremos o campo, neste caso coa secuencia «ababccb», e a base devolveranos unha listaxe de ata 178 composicións nas que é posible atopar dito esquema, ordenada por grupos de 15 entradas. Desta forma faise posible obter dunha soa vez unha serie de informacións relativas ao corpus completo das cantigas, algo que sen dúbida facilita e axiliza a investigación e a confrontación analítica de datos.

#### 4. BUSCA POR VERSOS

No caso da busca por versos, encontraremos unha pantalla na que se conteñen os campos seguintes: os dous primeiros, xa vistos, de cantiga e número de manuscrito, e, a continuación, o número de sílabas, a rima, a palabra rima, a categoría da cantiga na que se inclúe o verso en cuestión e o tipo de verso.

Procederemos a facer una busca, por exemplo, enchendo o campo de número de sílabas. Neste caso poremos 12. Sen máis especificacións, a base devolveranos inmediatamente unha listaxe de 207 versos con esta medida, incluídos dentro de varias pezas, e ordenada, segundo vimos, en grupos de 15 ringleiras nas que se amosa inicialmente información relativa ao número de Tavani da composición en cuestión, ao número da estrofa no que o verso se atopa, á posición que este ocupa no poema, o texto que nel se contén, se a cantiga é ou non é de refrán, a rima que lle corresponde e a palabra rima na que esta se insire.

Como vemos as primeiras catro ringleiras da listaxe de resultados corresponden todas a unha mesma composición, en concreto a 26 1. Prememos agora sobre o icono «Ver» do primeiro resultado, e accedemos á información desenvolvida: o texto da cantiga, datos da cantiga da estrofa e do verso en cuestión, a súa autoría, o relativo aos manuscritos, aos temas e as edicións anteriores do texto.

Outro tipo de busca simple, por exemplo, será o de encher o campo de palabra rima. Neste caso buscaremos a palabra rima «Vigo». Inmediatamente saberemos que con esta palabra rima hai un total de 13 versos no corpus completo das cantigas galego-portuguesas, pertencentes en total a cinco composicións distintas, como se nos indica no apartado de número de Tavani (91 1, 91 3, 91 4, 91 6 e 91 7). Ademais da cantiga á que pertencen saberemos agora a estrofa na que se atopan o verso que ocupan na cantiga o seu texto completo, o tipo de combinación de versos no que se insiren (estrofa ou refrán), se a cantiga é ou non de refrán, a súa rima e a palabra rima pola cal fixemos a busca. Unha vez máis poderemos acceder á información por-menorizada premendo sobre o correspondente icono.

Aproveitando que, neste caso, se trata dunha cantiga que conta con imaxes dixitais dos manuscritos nos que se inclúe, podemos premer sobre este enlace, que nos abrirá unha nova ventá na que se amosan, ademais da propia imaxe, as súas *propiedades* (o nome técnico do manuscrito, a lonxitude e tamaño da imaxe ofrecida), así como as indicacións relativas ao manexo do *rato* na súa consulta (zoom e movemento lateral). Deste xeito, como vemos, podemos achegarnos ao texto orixinal da cantiga como se o tiveramos diante, grazas á altísima calidade coa que se reproduce. Esta posibilidade ofrecida pola *MedDB2* supón sen dúbida unha valiosísima ferramenta de traballo no campo da investigación, xa que resulta equivalente á consulta fotográfica, e en cor, do propio manuscrito orixinal.

Queda claro, por tanto, que as posibilidades de busca deste novo programa son case infinitas, permitindo aos estudosos centrar as súas pescudas nos elementos que lle interesen en cada momento e obtendo ademais unha serie de datos complementarios que fan da *MedDB2* unha ferramenta de traballo novidosa, áxil e completa.